

# A vida de activismo incesante de Paco del Riego contada para todos os públicos e ilustrada con 200 imaxes

*De Compostela ao exilio interior* é o título da obra divulgativa que o primeiro biógrafo de Fernández del Riego, Antón Mascato, publica esta primavera de 2023 nunha coedición de Alvarellos Editora e o Consorcio de Santiago. A través de 164 páxinas e máis de 200 fotografías e documentos, o autor percorre a vida única de don Paco, incesante construtor da identidade e das Letras galegas dende os tempos da República ata o seu pasamento en 2010. A obra, que xa chega estes días ás librarías, detense especialmente nunha década fundamental: os anos 30 en Santiago de Compostela.

164 pp . 20 x 19 cms. ISBN: 978-84-18567-41-4  
Papel FSC Amigo dos Bosques. PVP 23,00 €



SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA 2023.- Esta obra de Antón Mascato –o primeiro biógrafo de Fernández del Riego–, *De Compostela ao exilio interior. Francisco Fernández del Riego* (Alvarellos Editora-Consorcio de Santiago) percorre, dun xeito divulgativo e áxil, os fitos biográficos de Fernández del Riego, apoiada nunha **ampla fotobiografía do protagonista, que inclúe máis de 200 imaxes e ilustracións.**

Un capítulo principal do percorrido vital do protagonista detense en **Compostela**, pois esta cidade tivo en Francisco Fernández del Riego a un dos seus veciños máis ilustres. Residente en Santiago desde 1931 ata o seu exilio interior en 1939, **foron anos nos que fragua o seu coñecemento e desenvolve a súa valía**, nos que amosa o seu espírito afouto e acada meritorios obxectivos intelectuais e sociais.

Del Riego foi membro do Seminario de Estudos Galegos, dirixente estudantil, secretario do Grupo galeguista de Santiago, fundador do Partido Galeguista, profesor na Facultade de Dereito, secretario de actas da Comisión do Estatuto de

Autonomía para Galicia, activista político, colaborador de prensa, especialista en arte... e isto só na década fundamental de 1930.

Logo será tamén ensinante e traballador de revistas relacionadas co mar, fundador de Editorial Galaxia, refundador do Partido Galeguista, editor, director da Fundación Penzol, preso político, xerente de Artes Gráficas Galicia, académico e presidente da Real Academia Galega, **ensaísta e autor dunha extensa obra de divulgación da lingua, da literatura, da cultura e da política galegas**, fundador e secretario do Partido Socialista Galego, bibliófilo ou coleccionista de arte.

O libro chega ás librarías en abril de 2023, no ano en que Galicia homenaxea a don Paco co Día das Letras Galegas, celebración que precisamente el creou en 1963. A ilustración da capa é obra de **Irene Fra Gálvez**.

**Antón Mascato** (O Grove, 1957) é editor, investigador e escritor. No ano 2000 publicou a primeira biografía sobre Francisco Fernández del Riego.

Para contactar co autor: [antonmascato@gmail.com](mailto:antonmascato@gmail.com) - 638 15 99 66

